

Expediente: *Conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viarios municipais do termino municipal non incluídos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela*

Asunto: *Valoración dos criterios de adxudicación avaliáveis en forma de cifras ou porcentaxes (sobre nº 3) e resumen final das valoracións*

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico en relación a valoración dos criterios de adxudicación avaliáveis en forma de cifras ou porcentaxes (sobre nº 3) e a presentación do resumen final das valoracións do procedemento de contratación para a **“Conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viarios municipais do termino municipal non incluídos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela”**, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/17/2014.

Antecedentes

Con data 24/07/2014 presentouse ante a mesa de contratación o informe técnico valorativo da documentación presentada por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. para a xustificación da súa oferta económica por ser esta, segundo o PCAP, anormal ou desproporcionada.

A vista do mesmo e das deliberacións efectuadas, a mesa de contratación acordou rexeitar a xustificación presentada e excluír a dito licitador. En consecuencia, as ofertas económicas dos licitadores, en forma de baixa sobre o cadro de prezos unitarios incluído no PPTP, que continúan no procedemento son:

Nº de orde	Licitador	Baixa
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	13,55%
2	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	20,00%
3	SERVICIOS Y MANTENIMIENTOS, U.T.E.	20,00%
5	CANARGA CONSTRUCCIONES, S.L.	18,50%

Valoración das ofertas económicas (P_{A_j})

O PCAP só establece a valoración das ofertas económicas como único criterio de adxudicación avaliábel en forma de cifras ou porcentaxes.

De acordo coa fórmula establecida na cláusula 10.3.A.1), a valoración das propostas económicas (P_{A_j}) debe realizarse sobre as ofertas económicas dos licitadores. Tendo en conta que o modelo de proposición económica previsto no Anexo I do PCAP

require a baixa que realiza o licitador (B_n), para a aplicación da citada fórmula de valoración a oferta económica de cada licitador obtense da seguinte forma:

$$O_n = 100\% - B_n$$

Preséntase a continuación o cadro resume das puntuacións obtidas por cada licitador segundo o antedito:

Nº de orde	Licitador	Baixa	Oferta económica	Puntuación P_A
1	F. GÓMEZ	13,55%	86,45%	50,90
2	OVIGA	20,00%	80,00%	55,00
3	S&M UTE	20,00%	80,00%	55,00
5	CANARGA	18,50%	81,50%	53,99

<i>Importe da oferta mais baixa</i>	
<i>Ob</i>	<i>80,00%</i>

Resumen valoración dos criterios de adxudicación (cláusula 10.3)

Presentase a continuación o resumen das valoracións parciais e a suma da valoración total dos criterios de adxudicación (cláusula 10.3) e a orde de clasificación consecuente dos licitadores que non foron excluídos ata o momento:

Nº de orde	Licitador	Puntuacións parciais		Puntuación total	Orde de clasificación
		Sobre nº 2 P_B	Sobre nº 3 P_A		
1	F. GÓMEZ	18,00	50,90	68,90	2º
2	OVIGA	28,50	55,00	83,50	1º
3	S&M UTE	13,00	55,00	68,00	3º
5	CANARGA	7,75	53,99	61,74	4º

Conclusión

Sométese o presente informe a avaliación da mesa de contratación para que proceda como mellor considere, en función do establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do procedemento de licitación.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2014

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís

